COLABORACIÓNS páxinas 10 a 12
COMPLEMENTARIAS páxinas 13 a 21
ESCOLARES páxinas 22 a 27
RECANTOS páxinas 28 e 29
ANPA páxinas 30 e 31

APIPOLIS

AS NOSAS AMIGAS AS ABELLAS

O 4 de maio, as tres clases de 2º fomos de excursión a Xeve (Pontevedra) porque alí atópase "Apípolis", a cidade das abellas.
Cando chegamos repartíronnos en catro grupos xa que iamos facer catro actividades:

- Coñecer os productos que fan as abellas (mel, xalea real,cera,…). Probamos o mel, o pole e fixemos unha vela.
- Visitar unha exposición para saber "cousas" das abellas e observar colmeas transparentes. Poidemos ver como era unha colmea por dentro e á abella raíña poñendo ovos!
- Facer galletas de mel riquísimas! ,cantar, bailar e mancharnos coa fariña.
- Poñer o traxe de apicultor para ir ver as colmeas. Era chulísimo porque as abellas viñan e pousábanse enriba de nós pero co traxe non nos picaban. Vimos as celdiñas onde estaban as larvas e o monitor botáballe fume ás abellas para tranquilizalas un pouco.

Nós ao primeiro tiñamos algo de medo pero logo pasou. Despois comemos e logo de comer xogamos ata a hora de marchar.
QUE BEN O PASAMOS!

METEOGALICIA

O martes 8 de xuño fomos visitar as instalacións de Meteogalicia en Fontiñas.Aí traballan os pais de Katia.
Ao chegar explicáronnos o que nos ían ensinar . O primeiro foi ver como inflaban e botaban un globo de helio de cor branca e que ao ir subindo aumentaba de tamaño ata que explotaba. Este globo informa a Meteogalicia do que sucede na atmosfera. Foi o que máis nos gustou.

Noutra sala había moitísimos ordenadores, noutra tamén había ordenadores e unhas pantallas nas que se vían fotos de sitios de Galicia .Todos estaban ese día con mal tempo. Ás veces chamaban por teléfono e tiñamos que estar caladiños.

Por último subimos por unhas escaleiras e nos ensinaron os aparatos dunha estación metereolóxica como a que temos no colexio e nos explicaron como funcionan.Puidemos tocalos e todo.
Antes de marchar déronnos unhas pinturas e un libriño de actividades.

EN 2º TIVEMOS VISITA... OS AVÓS

2ºC

A avoa de Miguel vivía en Santiago e contounos que os nenos e as nenas non ían ao mesmo cole e que si un día non sabían a lección ou non facían os traballos da escola, tiñan que ir ao día seguinte antes de que empezara a clase .
Tiña moi pouco tempo libre e a partires dos 10 anos tivo que poñerse a traballar na tenda da súa nai porque esta púxose enferma.
Preguntámoslle moitísimas cousas, queriamos saber todo: que merendaban, se facían educación física, se tiñan tele, se tiñan ducha, … Os dous contestaron as nosas preguntas e para nós foron unhas clases moi divertidas e nas que aprendemos moito.

O avó de Katia e a avoa de Miguel viñeron a nosa clase para contarnos como era a súa vida cando tiñan a nosa idade: a que xogaban, como era a súa casa, a súa escola,…
O avó de Katia vivía en Sevilla e díxonos que o seu colexio era bastante feo, non tiñan debuxos nas paredes nin plastilina nin xogos nin nada; que os profes pegaban nas mans coa regra e que tiñan que estar en silencio total.
Xogaba á mariola, ás bólas e ao fútbol cun balón feito de trapos.
MOITAS GRAZAS POR VIR!